



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Secretaría

Bases reguladoras das axudas do Plan Municipal de reactivación económica e laboral Concello das Pontes de García Rodríguez (APREL II-2020)

ANUNCIO

Mediante decreto nº 1811/2020, do 04 de decembro, a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego efectuou a convocatoria das subvencións que se indica, con suxeición ás seguintes:

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DO PLAN MUNICIPAL DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E LABORAL CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (APREL II-2020) DESTINADAS A PALIAR O IMPACTO ECONÓMICO, SOCIAL E LABORAL, DERIVADO DA CRISE SANITARIA PROVOCADA POLO COVID- 19 SOBRE AS MICROEMPRESAS E PERSOAS AUTÓNOMAS DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

A situación de alerta sanitaria provocada pola insólita intrusión do coronavirus COVID-19, determinou a aprobación do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, a través do cal o Goberno de España declarou o Estado de Alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e no se que se recolleron unha serie medidas e restricións para o conxunto da sociedade española, encamiñadas a frear o avance da enfermidade intentando garantir a protección e cobertura sanitaria dos cidadáns fronte ó avance do coronavirus.

Inevitablemente, as medidas adoptadas en canto ó confinamento cidadán e a paralización da actividade de moitos sectores produtivos, inciden directamente e de xeito moi prexudicial na socioeconomía e no emprego.

Unha situación que dificulta e impide en moitos casos, a supervivencia de moitas empresas que debido o peche temporal ou a nulidade ou descenso na demanda de moitos produtos, se ven privadas de ingresos ou da disposición da liquidez necesaria que lles permita facer fronte ó custes de mantemento da actividade e do persoal, condenándose así ó cese temporal ou definitivo da súa actividade e asumindo o impacto directo desta situación que recae sobre empresas e empregados dun xeito ineludible.

Dende o Concello das Pontes de García Rodríguez se considera imprescindible a posta en marcha de accións que dende o ámbito público, poidan contribuir a paliar as dificultades que derivadas desta situación, está atravesando o tecido empresarial, e as inevitables consecuencias que esto supón sobre o emprego directo e indirecto. E mais concretamente no ámbito dos autónomos e microempresas, que son sin ningunha dúbida os que soportan con maior dureza a falta de ingresos e liquidez mentres manteñen centos de postos de traballo na localidade, actuando como piares fundamentais na socioeconomía municipal.

Por este motivo, o Concello das Pontes de García Rodríguez, a través do seu Plan Municipal para a Reactivación Económica e Laboral (APREL-2020) pon en marcha unha nova convocatoria de axudas, como medida urxente (APREL II-2020), puntual e extraordinaria para paliar, na medida do posible, as afeccións económicas que con motivo da pandemia do COVID-19 soportan os autónomos e microempresas no municipio.

1. OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto destas Bases consiste en regular as normas polas que rexerá a convocatoria pública de axudas a conceder polo Concello de As Pontes de García Rodríguez, coa finalidade de paliar o impacto socioeconómico no municipio, derivado da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e atendendo ás restricións e os condicionantes que o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo polo que se declara o Estado de Alarma, establece nos diversos sectores empresariais e o desenvolvemento habitual da súa actividade. Así como atendendo ás restricións e os condicionantes que a Orde do 15 de agosto de 2020 pola que se modifican determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da

Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, establece nos diversos sectores empresariais e o desenvolvemento habitual da súa actividade (os locais de discotecas e demais establecementos de lecer nocturno permanecerán pechados).

A finalidade destas axudas é contribuír o sostemento da actividade económica e o emprego no termo municipal de As Pontes de García Rodríguez, a través da achega de liquidez ás microempresas e persoas traballadoras por conta propia, para contribuír a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, mantemento da actividade e emprego, amortecer a redución drástica de ingresos que axude a paliar as consecuencias laborais e económicas sobre a veciñanza, ocasionadas polo COVID-19.

2. RÉXIME XURÍDICO.

O marco normativo está constituído polas seguintes leis e disposicións legais que se nomean a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como cantas outras normas legais ou regulamentarias, conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 7/1985, do 2 e abril, reguladora das bases de réxime local e RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento orgánico de funcionamento e réxime xurídico das entidades locais
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións xunto co RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Bases de execución do orzamento municipal do 2017 prorrogado para o exercicio 2020.
- Así mesmo, están sometidas ao réxime de minimis, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013).

A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos

A súa tramitación realizarase por medios electrónicos en aplicación do disposto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

3. FINANCIAMENTO.

A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total de 40.000 €.

O financiamento destas axudas efectuaranse con cargo aos orzamentos municipais do exercicio 2020 nas aplicacións orzamentarias: 2020.241.47000 por importe de 30.000 € e 2020.241.77000 por importe de 10.000 €.

Este crédito, por depender dun incremento do importe do crédito orzamentario dispoñible nas aplicacións orzamentarias sinaladas, queda condicionada á declaración da dispoñibilidade do mesmo antes de proceder á concesión das axudas polos importes que correspondan. Este orzamento poderá ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento deste programa.

No caso de que finalizado o prazo de solicitude se tiveran presentado un número de solicitudes para o que non foran dábondo as contías inicialmente consignadas, poderanse ampliar os créditos ata a cobertura do maior número delas posible.

4. CONTÍA DAS AXUDAS E GASTOS SUBVENCIONABLES.

4.1.- CONTÍAS

Con base no artigo 30.7 da LXS:

1.-Concederase unha contía fixa de 600 € para persoas físicas ou xurídicas con ou sen traballadores ao seu cargo cando a actividade que desenvolvan se tivese visto afectada polo peche de establecementos disposto no RD 465/2020 de 17 de marzo que modificou o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo.

2.-Concederase unha contía fixa de 500 € a aquelas persoas físicas ou xurídicas con ou sen traballadores ao seu cargo que non se viron afectados polo peche de establecementos disposto no RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo, a condición de que sufran unha redución da súa facturación durante o mes de abril de 2020 de polo menos o 75%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma.

3.- Concederáse unha contía fixa de 600 € a aquelas persoas físicas ou xurídicas con ou sen traballadores ao seu cargo cando a actividade que desenvolvan se tivese visto afectada polo peche de establecemento disposto na Orde do 15 de agosto de 2020 la que se modifican determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade .

Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.

Esta redución de facturación deberase xustificar coa presentación da documentación requirida na **base 7**.

4.2.- GASTOS E PERÍODO SUBVENCIONABLE

Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles gastos que se atopen dentro dos seguintes códigos de conceptos de gasto:

Conta	Descrición da conta
642	Seguridade social a cargo da entidade Seguridade social a cargo do solicitante. Gasto directo
621	Arrendamentos e canons Arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións*. Gasto directo
622	Reparacións e conservacións
623	Servizos profesinais independentes
625	Primas seguros Seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes. Gasto directo
628	Subministracións. Auga, luz, gas, teléfono
629	Outros servizos Mantemento comunicacións: teléfono, internet, correos, mensaxería
171	Cotas de préstamos amortización de locais comerciais
214	Utillaxe (generadores ozono, maquinas desinfectantes)

Tamén será gasto subvencionable as cotas de mutualidades profesionais e os gastos de colexiación obrigatorios.

O IVE non se considerará en ningún caso gasto subvencionable.

O período subvencionable abranguerá:

a) Os gastos subvencionables referidos ao concepto de gasto:

642. Seguridade Social a cargo da entidade

-Serán os correspondentes ós 6 meses seguintes o mes de marzo do 2020.

- No caso do peche da actividade regulado pola orde do 15 de agosto de 2020, serán os correspondentes ós 6 meses seguintes o mes de agosto do 2020

b) Os gastos subvencionables referidos aos conceptos de gasto:

Mutualidades profesionais e cotas colexiais.

- Serán os correspondentes ós 6 meses seguintes o mes de marzo do 2020

- No caso do peche da actividade regulado pola orde do 15 de agosto de 2020, serán os correspondentes ós 6 meses seguintes o mes de agosto do 2020

c) Os gastos subvencionables referidos aos conceptos de gasto:

621. Arrendamentos e canons

625. Primas seguros

629. Outros servizos

171 . Cotas de préstamos amortización locais comerciais.

214. Utillaxe

- Serán os correspondentes ó período de 6 meses seguintes o mes de marzo de 2020.

-No caso do peche da actividade regulado pola orde do 15 de agosto de 2020, serán os correspondentes ós 6 meses seguintes o mes de agosto do 2020

5. SOLICITANTES , REQUISITOS E OBRIGAS PARA SOLICITAR AS AXUDAS.

Poderán solicitar esta subvención aquelas persoas físicas ou xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a persoa física ou xurídica solicitante da presente subvención **non fora beneficiario** con anterioridade da subvención do programa APREL 2020, publicada dita convocatoria polo Concello das Pontes no BOP nº 85 do xoves 11 de xuño de 2020.

b) Que a actividade económica sexa desenvolvida por unha persoa autónoma, unha microempresa. A microempresa e as pequenas empresas son aquelas definidas conforme Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, publicado no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) L 187, do 26 de xuño de 2014, segundo o cal a categoría de microempresa está constituída por aquelas empresas que ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou balance xeral anual non excedan de 2 millóns de euros.

c) -Que a actividade que desenvolven se tivera visto afectada polo peche de establecementos disposto no RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo, ou non sendo este o caso:

-Que a actividade desenvolvida pola empresa sufra unha redución da súa facturación no mes de abril de 2020 de polo menos o 75%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma.

Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.

Este requisito xustificarse a través dunha declaración xurada que acompañará á instancia presentada e xunto coa documentación requirida na Base 7.

-Que a actividade que desenvolven se tivera visto afectada polo peche de establecementos disposto na Orde do 15 de agosto de 2020 pola que se modifican determinadas medidas previstas no Axordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

d) Que a actividade afectada polo peche do establecemento disposta polo estado de alarma non se tivera visto compensada por un incremento da facturación mediante un incremento do volume de negocio online ou telefónico da persoa solicitante.

e) Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e en Facenda no momento da presentación da instancia.

f) Que, o domicilio fiscal ou no seu caso, o local de desenvolvemento da actividade se atopen no termo municipal das Pontes de García Rodríguez (o cumprimento de dito requisito será verificado pola administración municipal mediante o domicilio de actividade que figura na alta no censo de obrigados tributarios).

g) Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e non contravir o regulado no art. 14 da nomeada lei, e en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TGSS). Este requisito debe cumprirse con anterioridade a data da resolución de concesión da subvención. (Dito requisito será declarado responsablemente polo solicitante no modelo normalizado de solicitude de subvención no Anexo I).

h) Non ter débeda algunha pendente co Concello das Pontes de García Rodríguez. Este requisito verificarase de oficio pola Administración e debe cumprirse con anterioridade a data da resolución de concesión da subvención. (Dito requisito será comprobado de oficio pola administración municipal).

i) Ter xustificado calquera subvención que lle fose concedida con anterioridade polo Concello das Pontes de García Rodríguez, sempre que tivese finalizado o correspondente prazo de xustificación.

j) En caso de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica debe nomearse un representante apoderado, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que corresponden á agrupación ou comunidade de bens. Así mesmo, e nos termos previstos no artigo 11.3 LXS, a agrupación ou comunidade de bens non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición a que fan referencia os artigos 39 e 65 LXS. Así mesmo, en caso de concesión da subvención, a resolución conterá as porcentaxes de participación das persoas integrantes na

entidade beneficiaria, en función dos cales participarán nos dereitos e obrigas derivados do outorgamento da subvención, e no seu caso, do seu reintegro.

Quedan excluídas as administracións públicas, os seus organismos autónomos, as empresas públicas e outros entes públicos, así como as asociacións, fundacións e, en xeral, entidades sen ánimo de lucro así como o persoal autónomo colaborador.

6. CONCORRENCIA CON OUTRAS SUBVENCÍONS

Por tratarse de subvencións sometidas ao réxime de mínimos, establecido no Regulamento (UE) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L352 de 24.12.2013), non poderán concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se contempla no Regulamento (UE) 1379/2013 que establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.

b) Produción primaria de produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.

c) Empresas que operan no sector da transformación e comercialización de produtos agrícolas, nos casos seguintes:

5.c.1) Cando o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade de produtos deste tipo adquiridos a produtores primarios ou comercializados polas empresas interesadas.

5.c.2) Cando a axuda estea supeditada a que unha parte ou a totalidade da mesma se repercuta aos produtores primarios.

d) Actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou estados membros cando a axuda estea vinculada ao establecemento e a explotación dunha rede de distribución ou a outros gastos correntes vinculados á actividade exportadora.

e) Axudas condicionadas á utilización de produtos nacionais en lugar de importados.

En ningún caso, as axudas poderán superar o importe máximo total de axuda de mínimos, actualmente establecido en 200.000 euros durante un período de tres exercicios fiscais para unha mesma empresa, nin individualmente, nin como resultado da acumulación con outras axudas de mínimos concedidas á mesma empresa, conforme establece o Regulamento (UE) Nº 1407/2013 da Comisión, ou con outro tipo de axudas suxeitas ás regras comunitarias de axudas de Estado.

Aos efectos do disposto no parágrafo anterior enténdese por “empresa” calquera entidade que exerza unha actividade económica, con independencia da súa natureza xurídica e do seu modo de financiamento.

En caso de resultar beneficiaria dunha subvención ao abeiro da presente convocatoria e con posterioridade resultar beneficiaria doutra subvención incompatible coa mesma, poderase renunciar á subvención concedida polo Concello das Pontes de García Rodríguez, reintegrando o importe percibido e aboando ademais os correspondentes xuros de mora xerados, tal e como se establece na Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais normativa aplicable.

7. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes deberán formularse no **MODELO DE SOLICITUDE NORMALIZADO** para a obtención das subvencións que constarán na convocatoria que se poderán descargar na web do Concello das Pontes de García Rodríguez (www.aspontes.org) e deberán acompañarse da documentación complementaria.

As solicitudes, que deberán dirixirse ao IPPEC, presentaranse por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello das Pontes de García Rodríguez <https://sede.aspontes.org/es/uez> .

O prazo de presentación de solicitudes será 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP de conformidade co procedemento establecido no art. 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, dos formularios normalizados de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión da solicitude.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación incondicionada das presentes bases reguladoras.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma de convocatoria, o órgano competente requirirá ao interesado para que a emende no prazo de 5 días, indicándolle que de non realizarse terase por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previsto no art. 21 da Lei 39/2015 de PAC.

Documentación:

1) Solicitude (segundo modelo normalizado) que deberá estar asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal que inclúe:

Declaración responsable do cumprimento dos requisitos para obter a condición de beneficiario, segundo o art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións

Declaración responsable onde se sinala que cumpre co establecido no art. 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Declaración doutros ingresos ou subvencións que tamén financien a actividade subvencionada (indicando, de ser o caso, importe e procedencia).

2) Documentación complementaria (acompañando á solicitude):

2.1 En caso de persoa física:

a) DNI polas dúas caras ou NIE acompañado do pasaporte.

b) Certificado actualizado de Situación Censual que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade. (o cumprimento de dito requisito será verificado pola administración municipal mediante o domicilio de actividade que figura na alta no censo de obrigados tributarios).

c) Resolución/certificación do alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente.

d) Informe de Vida Laboral da Empresa expedido pola Tesouraría xeral da Seguridade Social no que se inclúa o número de traballadores a data de 1 de marzo de 2020 (os que soliciten a axuda polo peche ou perda de facturación segundo o RD465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo), e con data a 1 de agosto de 2020 (os que soliciten a axuda polo peche da Orde do 15 de agosto de 2020 pola que se modifican determinadas medidas prevista no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade). En caso de non ter informe de Vida Laboral da Empresa, o xustificante acreditativo de non posuílo.

e) Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo modelo facilitado polo Concello.

f) Naqueles casos nos que non se visen afectados polo peche de establecementos disposto no RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo, e sufran unha redución da súa facturación no mes de abril de 2020 de polo menos o 75%, en relación coa media efectuada no **semestre natural** anterior á declaración do estado de alarma, deberán acreditar esta redución mediante a presentación da declaración xurada á que se refire na Base 5.1.b) acompañado no seu caso da seguinte información contable que o xustifique desde os 6 meses previos á declaración do estado de alarma (14 de marzo de 2020) até a data de presentación da solicitude de subvención:

- Copia do libro de rexistro de facturas emitidas (período comprendido entre setembro/2019 ata abril/2020 ambos inclusives)
- Ou libro diario de ingresos (período comprendido entre setembro/2019 ata abril/2020 ambos inclusives)
- Ou libro rexistro de vendas e ingresos (período comprendido entre setembro/2019 ata abril/2020 ambos inclusives)
 - Cando a persoa física non este obrigada a levar os anteditos libros que acreditan o volume de actividade, deberán acreditar a redución polo menos do 75% esixida por calquera **medio de proba admitido en dereito** (declaración de IVE, IRPF, etc).
 - Cando a persoa física non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.

2.2 En caso de persoas xurídicas, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica:

a) CIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

b) Certificado actualizado de Situación Censual da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e no seu caso o local de desenvolvemento da actividade, (o cumprimento de dito requisito será verificado pola administración municipal mediante o domicilio de actividade que figura na alta no censo de obrigados tributarios).

c) Contrato de constitución da sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

d) Escritura de constitución e os estatutos da persoa xurídica actualizados, inscritos no correspondente Rexistro.

e) Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa.

f) DNI polas dúas caras ou NIE da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma.

g) Alta no réxime da Seguridade social correspondente da persoa administradora.

h) Informe de Vida Laboral da Empresa expedido pola Tesouraría xeral da Seguridade Social no que se inclúa o número de traballadores a data de 1 de marzo de 2020 (os que soliciten a axuda polo peche ou perda de facturación segundo o RD465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo), e con data a 1 de agosto de 2020 (os que soliciten a axuda polo peche da Orde do 15 de agosto de 2020 pola que se modifican determinadas medidas prevista no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade). En caso de non ter informe de Vida Laboral da Empresa, o xustificante acreditativo de non posuílo.

i) Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo modelo facilitado polo Concello.

j) Naqueles casos nos que non se visen afectados polo peche de establecementos disposto no RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo, e sufran unha redución da súa facturación no mes de abril de 2020 de polo menos o 75%, en relación coa media efectuada no **semestre natural** anterior á declaración do estado de alarma, deberán acreditar esta redución mediante a presentación da declaración xurada á que se refire a base 5.1b desta convocatoria no seu caso acompañado da seguinte información contable que o xustifique desde os 6 meses previos á declaración do estado de alarma (14 de marzo de 2020) até a data de presentación da solicitude de subvención:

- Copia do libro de rexistro de facturas emitidas (período comprendido entre setembro/2019 ata abril/2020 ambos inclusives)
- Ou libro diario de ingresos (período comprendido entre setembro/2019 ata abril/2020 ambos inclusives)
- Ou libro rexistro de vendas e ingresos (período comprendido entre setembro/2019 ata abril/2020 ambos inclusives)
- Cando a persoa física non este obrigada a levar os anteditos libros que acreditan o volume de actividade, deberán acreditar a redución polo menos do 75% esixida por calquera **medio de proba admitido en dereito** (declaración de IVE, IRPF, etc).
- Cando a persoa física non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.

No caso que a persoa física, xurídica, comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade sen personalidade xurídica, que realice a solicitude de subvención tivese concedido un adiamento/fraccionamento de débedas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria ou coa Tesouraría Municipal, deberá presentar coa solicitude, a resolución de concesión do mesmo xunto ao último certificado de carecer de débedas posterior á concesión do adiamento.

3.-Declaración responsable asinada pola persoa interesada ou representante legal ou apoderado da persoa ou entidade solicitante que conterà o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:

-Que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche de establecementos disposto RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo ou, non sendo este o caso, que a actividade desenvolvida sufriu unha redución da facturación no mes de abril de 2020 de polo menos o 75%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, ou en caso de non levar de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, durante o período de alta. Ou no sendo este o caso, que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche do establecemento segundo a Orde do 15 de agosto de 2020 pola que se modifican determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

-Que a actividade afectada polo peche do establecemento disposta polo estado de alarma non se viu compensada por un incremento da facturación mediante un incremento do volume de negocio online ou telefónico da persoa solicitante.

-Que a persoa solicitante reúne os requisitos para ser microempresa ou pequena empresa de conformidade co Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.

-Que a persoa solicitante comprométese a declarar as axudas de mínimos que lle foron concedidas por calquera proxecto durante o tres últimos exercicios fiscais, con indicación de importe, organismo, data de concesión e réxime de axudas en que se ampara, ou, no seu caso, declaración de non recibir ningunha; así como compromiso de comunicar o máis axiña posible as obtidas con posterioridade á presentación da solicitude.

-Que a persoa solicitante comprométese á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar o máis axiña posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma.

-Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 de devandita lei.

4.-Certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS), axencia tributaria de Galicia (ATRIGA)

8. PROCEDEMENTO E INSTRUCIÓN DO PROCEDEMENTO.

1.-A concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase de acordo co establecido nos artigos 22.1 e 23 a 27 da LXS.

Instrución:

O Negociado de Promoción Emprego, órgano instrutor do procedemento, encargarse de revisar os expedientes de solicitude e verificará que conteñan toda a documentación esixida.

Nomearase **unha Comisión de valoración**, encargada da avaliación das solicitudes e emitirá un informe no que se concretará o resultado da mesma.

Para estes efectos a Comisión de valoración estará composta polos seguintes membros:

- Presidencia: un técnico municipal.
- Vogais: dous técnicos municipais.
- Secretaría da comisión avaliadora (con voz e voto): un técnico da área de Emprego

Procedemento de concesión:

Realizarase a través de convocatoria pública, seguindo o procedemento de concorrencia non competitiva, en réxime de avaliación individualizada, comprobando que os solicitantes cumpren coa totalidade dos requisitos establecidos e tamén coa documentación recollida nas bases reguladoras e na súa convocatoria, tramitándose a súa concesión por estrito orde de rexistro de entrada (data e hora) das solicitudes.

No caso de non presentar unha solicitude a documentación completa, considerarase como data de Rexistro de Entrada a data e hora da última presentación relativa á devandita solicitude.

Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos esixidos, até esgotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, serán propostas para ser resoltas favorablemente:

- O órgano instrutor comprobará pola súa orde cronolóxica de presentación as solicitudes recibidas.
- A comisión de valoración emitirá informe concretando o resultado da mesma que, por conduto do órgano instrutor, someterase a aprobación do órgano concedente.

Publicación

Previamente a elaborar a proposta de concesión, publicaranse para os efectos de notificación na páxina Web municipal, a través do taboleiro anuncios electrónico do Concello, as seguintes listaxes:

a) Persoas solicitantes propostas como beneficiarias por presentar a súa solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria antes de esgotarse o crédito inicialmente dispoñible destinado a atender estas axudas.

b) Persoas solicitantes que non cumpren os requisitos establecidos na convocatoria quedando a súa solicitude desestimada.

c) Persoas solicitantes que non achegaron a totalidade da documentación requirida na Base 7 con indicación da documentación requirida.

As persoas solicitantes referidas no punto a) e c) outorgaráselles o prazo de 5 días hábiles para que aleguen o que no seu dereito consideren oportuno, ou no seu caso, emenden a súa solicitude e presenten a documentación requirida.

Transcorrido o prazo establecido para alegar e emendar as solicitudes requiridas e adoptadas as medidas precisas, o órgano Instrutor elevará a proposta de acordo para que a someta a aprobación do órgano competente e procédanse á súa posterior publicación.

9.-RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E RECURSOS.

A concesión das subvencións será aprobada por resolución da concelleira delegada da Área de RRHH, Industria e Emprego trala formulación da proposta de concesión realizada pola unidade administrativa encargada da instrución á vista do informe da comisión avaliadora.

As subvencións concedidas de conformidade co disposto no art. 45 da Lei 39/2015 e publicaranse para os efectos de notificación páxina Web municipal, a través do taboleiro anuncios electrónico do Concello así como na BDNS.

O prazo máximo para resolver e notificar o acordo será de seis meses a contar do seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes. A resolución de concesión poñerá fin á vía administrativa, para os efectos da interposición dos recursos administrativos que procedan relizarse de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

10. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DAS AXUDAS.

a) Manter a actividade empresarial durante 6 meses, como mínimo, a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de concesión da subvención.

b) Presentar a xustificación dos gastos financiados e o resto da documentación esixida nestas bases no sétimo mes a contar a partir do día seguinte da publicación da resolución da concesión da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións a exercer pola Intervención xeral municipal.

c) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.

e) Cumprir as restantes obrigas que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e as bases de execución do orzamento do Concello das Pontes de García Rodríguez.

f) No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria se atope comprendida nos supostos do artigo 3.b)da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigas de publicidade activa que lle resulten aplicables.

11.-XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS.

O beneficiario deberá xustificar a subvención recibida presentando no sétimo mes a contar a partir do día seguinte da publicación da concesión da subvención a seguinte documentación:

-Certificado actualizado de Situación Censual que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e o local de desenvolvemento da actividade.

-Resolución/ certificación do alta no Réxime correspondente da Seguridade Social ou Mutua profesional correspondente da persoa física ou da persoa administradora actualizado á data de presentación da xustificación.

-Informe de Vida Laboral da empresa expedido pola Tesouraría xeral da Seguridade Social que abrangue os 6 meses posteriores á concesión da subvención.

- Facturas e demais documentos de gasto (Cotas Seguridade Social, Mutualidades, recibo colexio oficial) e acreditación documental do seu pago (a través de transferencia bancaria ou talón nominativo) relativas ao período comprendido entre o 01.03.2020 e o 30.09.2020, os que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche de establecementos disposto RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo ou, non sendo este o caso, que a actividade desenvolvida sufriu unha redución da facturación no mes de abril de 2020 de polo menos o 75%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, ou en caso de non levar de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, durante o período de alta. Ou relativas ao período comprendido entre 01.08.2020 e o 01.02.21, os que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche do establecemento segundo a Orde do 15 de agosto de 2020 pola que se modifican determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

O control das obrigas esixidas neste punto efectuarase mediante a comprobación polo IPPEC.

12. PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O pagamento destas subvencións realizarase nun pago único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

No caso de incumprimento das obrigas, detalladas nesta convocatoria, o órgano xestor iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos, xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

13.-REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS.

O reintegro do importe percibido, cando cumpra, rexerá polo disposto no título II da LXS e polo título III do RLXS.

Xunto ás causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no artigo 36 da LXS, darán lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos con carácter xeral no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

Se a persoa beneficiaria incumpre a obriga de manter a actividade empresarial durante os 6 meses establecidos nas Bases reguladoras procederá o reintegro do importe da subvención por este concepto.

Sen prexuízo de iniciar o procedemento de reintegro, en caso de incumprimento das obrigas establecidas con motivo da concesión de lle subvención, a persoa ou empresa beneficiaria poderán

comunicar ao órgano xestor por rexistro de entrada este feito e efectuar a devolución voluntaria da cantidade percibida. Para iso, deberá poñerse en contacto co Órgano Xestor aos efectos dos trámites a seguir. Así mesmo, calcularanse os intereses de demora até o momento no que se produza a devolución efectiva pola súa parte.

14.-RECURSOS E IMPUGNACIÓNS.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven da mesma poderán ser impugnados polos interesados nos términos establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

DISPOSICIÓN FINAL.

A participación na convocatoria suporá a aceptación destas bases reguladoras específicas.

Será de aplicación, en todo aquilo que non se regulase nestas bases a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (BOE n.º 276, de 18 de novembro de 2003), na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (DOG» núm. 121, de 25 de xuño de 2007), no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (BOE n.º 176, de 25 de xullo de 2006) e demais normativa concordante e de pertinente aplicación.

As Pontes de García Rodríguez, na data que consta na sinatura electrónica

A concelleira delegada da Área de RRHH; Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños

SOLICITUDE APREL II-2020**1.- DATOS DO/DA SOLICITANTE**

DNI/NIE:
 Apelidos e nome:
 Enderezo:
 Teléfono:
 Correo electrónico:

2.- DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIONES

Enderezo:
 Teléfono:
 Correo electrónico:

Autorizo a notificación electrónica como medio de notificación preferente

3.- DATOS DO ESTABLECEMENTO OU LOCAL

Nome comercial:
 Actividade económica:
 Epígrafe IAE:
 Código CNAE:
 Enderezo fiscal/actividade:

Autónomo Individual Autónomo Societario Autónomo Colaborador Autónomo Dependente

Número total de autónomos por establecemento

Representante/DNI:

Forma xurídica: Sociedade Mercantil CB/SC Outras

EXPÓN

Que, vista a **CONVOCATORIA DO “PLAN MUNICIPAL DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E LABORAL DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, APRELII- 2020”**, considerando reunir os requisitos esixidos, segundo amosan os documentos que se achegan, e coa expresa aceptación de todos os termos da convocatoria, declara coñecer todas as obrigas como beneficiaria/o (artigo 14 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións).

SOLICITA

A concesión dunha subvención para:

(Marcar os recadros que correspondan)

600 euros (actividades afectadas polo peche do R.D. 465/2020)

500 euros (actividades NON afectadas polo peche do R.D. 465/2020 pero con redución facturación do 75%).

600 EUROS (actividades efectadas polo peche da Orde do 15 de agosto de 2020)

Opción de gasto subvencionables (marcar unha)

Gasto corrente (Seguridade social a cargo da entidade, arrendamentos e canons, reparación e conservacións, ervizos profesionais independentes, primas de seguros, sumministracións, outros servizos, mutualidades profesionais e cotas colexiais)

Gasto en inversión (Cotas de préstamos de amortización de locais comerciais, utillaxe)

4.- AUTORIZACIÓNS

1.- Para que solicite en calquera momento da tramitación da subvención certificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, Seguridade Social e co Concello das Pontes de García Rodríguez, e a súa situación no censo de actividades económicas da AEAT.

Si Non.

2.- Que aos efectos da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o representante legal asinante deste documento, así como calquera outra persoa cuxos datos se recollan no mesmo, autoriza ao Departamento de Emprego, a incorporar estes, ou aqueles outros dos que tivera coñecemento como consecuencia da relación iniciada, a un ficheiro automatizado responsabilidade do Concello de As Pontes que ten por finalidade dar cumprimento as funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión, concesión e pagamento encomendados pola Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese. Ése, así mesmo, consciente de que o datos facilitados poden resultar obrigatorios para a xestión e tramitación do expediente, comprométese a comunicar no menor prazo de tempo posible ao Departamento de Emprego, calquera variación dos datos manifestados co fin de poder proceder a súa actualización. O Departamento de Emprego, en tanto non se comunique o contrario, entenderá que os datos proporcionados son exactos e actuais.

Por parte de representante legal asinante ou calquera outro interesado poderanse exercitar os dereitos que lle asisten de acceso, rectificación, cancelación e oposición na forma legalmente prevista, remitindo comunicación ao Departamento Do IPPEC.

5.- DECLARACIÓN RESPONSABLE

Que a actividade desenvolvida pola empresa viuse afectada polo peche de establecementos disposto no RD 463/2020 de 14 de marzo.

Que a empresa viu reducida a súa facturación no mes de abril de 2020 alomenos o 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma.

Que a actividade desenvolvida pola empresa viuse afectada polo peche de establecementos disposto na Orde do 15 de agosto de 2020.

Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.

Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e apartado 5 do artigo 34 da mesma.

Que a persoa solicitante se encontra ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e coa Administración Xeral da Seguridade Social.

Que a persoa solicitante se compromete ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Que a persoa solicitante se compromete á comunicación das subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar á maior brevidade posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma, sen que en ningún caso, no seu conxunto, superen o 100% dos gastos subvencionables.

Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata o transcurso do prazo de prescrición previsto nos art. 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, concordante co establecido no artigo 11 de dita lei.

6.- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.

No caso de persoa física:

- DNI/NIE.
- Alta no Censo de Obrigados Tributarios e alta no Imposto de Actividades Económicas, no caso de non autorizar a súa comprobación.
- Resolución/certificación de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos, en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional correspondente.
- Modelo de designación de conta bancaria ou certificación bancaria.
- Informe de vida laboral empresarial na data indicada nas bases reguladoras
- Certificado de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa axencia tributaria de Galicia (ATRIGA)

No caso de sociedade, comunidade de bens ou entidades:

- CIF da sociedade, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.
- Certificado actualizado de Situación Censal.
- Escritura/contrato de constitución.
- DNI/NIE e poder da persoa administradora.
- Resolución/certificación de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.
- Modelo de designación de conta bancaria ou certificación bancaria.
- Informe de vida laboral empresarial na data indicada nas bases reguladoras
- Certificado de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa axencia tributaria de Galicia (ATRIGA)

Nas Pontes de García Rodríguez, a ____ de _____ do 2020
Asdo.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

DECLARACIÓN XURADA (APREL II- 2020)

- Que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche de establecementos disposto RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo ou, non sendo este o caso, que a actividade desenvolvida sufriu unha redución da facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de polo menos o 75%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, ou en caso de non levar de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, durante o período de alta. Ou non sendo este o caso, que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche do establecemento disposto na Orde do 15 de agosto de 2020 pola que se modifican determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- Que a actividade afectada polo peche do establecemento disposta polo estado de alarma non se viu compensada por un incremento da facturación mediante un incremento do volume de negocio on line ou telefónico da persoa solicitante.
- Que a persoa solicitante reúne os requisitos para ser microempresa ou pequena empresa de conformidade co Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.
- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que a persoa solicitante non está incursa nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.
- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Que a persoa solicitante comprométese a declarar as axudas de minimis que lle foron concedidas por calquera proxecto durante o tres últimos exercicios fiscais, con indicación de importe, organismo, data de concesión e réxime de axudas en que se ampara, ou, no seu caso, declaración de non recibir ningunha; así como compromiso de comunicar o máis axiña posible as obtidas con posterioridade á presentación da solicitude.
- Que a persoa solicitante comprométese á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar o máis axiña posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma.
- Que no caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 de devandita lei.

As Pontes de García Rodríguez,....., de..... de 2020

Asdo.:

(O interesado ou representante legal)

DESIGNACIÓN DA CONTA BANCARIA E COMUNICACIÓN DE BAIXA DE DATOS BANCARIOS

I. Datos do acredor (deberá acompañar copia do NIF)

NIF	Nome ou denominación social	
Enderezo fiscal		Municipio
Provincia	Código Postal	Teléfono

II. Datos do representante

NIF	Nome
-----	------

III. Alta de datos bancarios

BIC	Código IBAN
-----	-------------

A CUBRIR POLA ENTIDADE DE CRÉDITO

Certifico, a petición da persoa indicada en “I. Datos do acredor” e para os efectos da domiciliación dos importes que á mesma lle vaia ordenar a Tesourería Municipal do Concello das Pontes de García Rodríguez, a existencia da conta referenciada en “III. Alta de datos bancarios”, aberta a nome do titular que se indica no citado apartado “I. Datos do acredor”.

POLA ENTIDADE DE CRÉDITO

(Selo da entidade de crédito)

Asdo.: _____

IV. Baixa de datos bancarios

BIC	Código IBAN
-----	-------------

(Sinatura do acredor ou representante)

_____, ____ de _____ de _____ Asdo.: _____

MODELO COMUNEROS-SOCIOS C.B./S.C.

(Documento en el que se haga constar expresamente, en el caso de sociedades civiles y comunidades de bienes, los compromisos de ejecución asumidos por cada miembro de la agrupación, así como el porcentaje de subvención que se va a aplicar para cada uno de ellos, que tendrá, igualmente la consideración de beneficiario. En el mismo documento, deberán nombrar una persona representante o apoderada única de la agrupación, con poderes bastantes para cumplirlas obligaciones que, como beneficiaria, le corresponda a la agrupación)

Don con DNI nº comunero/socio deC.B./S.C. el cual posee un porcentaje de participación en dicha comunidad/sociedad de un.....%, se compromete a ejecutar las actuaciones contempladas en las ayudas del Plan Reactivación económica e laboral das Pontes, APREL en caso de ser beneficiario de la subvención solicitada, y en función de su porcentaje de participación en la entidad.

Don con DNI nº comunero/socio deC.B./S.C. el cual posee un porcentaje de participación en dicha comunidad/sociedad de un.....%, se compromete a ejecutar las actuaciones contempladas en las ayudas del Plan Reactivación económica e laboral das Pontes, APREL en caso de ser beneficiario de la subvención solicitada, y en función de su porcentaje de participación en la entidad.

Asimismo Don con DNI nº comunero/socio deC.B./S.C y Don con DNI nº comunero/socio deC.B./S.C, nombran en este mismo momento como persona representante de la CB/SC, y con poderes bastantes para cumplir las obligaciones que como beneficiaria le corresponda a la agrupación a Don con DNI nº comunero/socio deC.B./S.C.

Y para que surta los efectos oportunos se firma el presente documento,

Nas Pontes de García Rodríguez a..... de de 2020

Don

Don

Comunero/socio deCB/SC

Comunero/socio deCB/SC

MODELO DE REPRESENTACIÓN NO PROCEDIMIENTO DE SOLICITUDE DAS AXUDAS**(APREL II-2020)**OUTORGAMENTO DA REPRESENTACIÓN:D/D^a

Con enderezo en

Con NIF nº

OUTORGA A SÚA REPRESENTACIÓN A:D/D^a

Con NIF nº

Con enderezo a efectos de notificacións,

Enderezo

para que actúe ante o Concello das Pontes de García Rodríguez no procedemento de solicitude das axudas do
“PLAN REACTIVACIÓN ECONÓMICA E LABORAL DAS PONTES, APREL ”

ACEPTACIÓN DA REPRESENTACIÓN:

Coa sinatura do presente escrito o representante acepta a representación conferida e responde da autenticidade da
 firma do outorgante, así como da copia do DNI do mesmo que acompaña a este documento.

Ena.....de 2020

Ena.....de 2020

O OUTORGANTE

O REPRESENTANTE

Asdo.:

Asdo.:

As Pontes de García Rodríguez, 10 de decembro de 2020

Ana María Pena Purriños

Concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

2020/9377